

03 SETEMBRO DO 2009 - NÚMERO 785

r d l

REVISTA
**DAS
LETRAS**



Xavier Queipo

“A poesía ten moito que ver cos biorritmos”, asegura Xavier Queipo (Compostela, 1957), un dos autores galegos que mellor encarna desde hai anos o papel do escritor na sociedade contemporánea: o compromiso ideolóxico fóra dos dogmatismos e a busca insoslaible dunha expresión singular. Narrador, ensaísta, activista, colaborador habitual das páxinas de Revista das Letras, biólogo de profesión e especialista en xestión pesqueira para a Unión Europea, Queipo presenta neste monográfico un conxunto de sete poemas que foron escritos ao ter noticia da morte de sete SDF (sen domicilio fixo, eufemismo para designar os pobres de pedir que non teñen onde caer mortos). “Se falamos de cidades do século XXI”, segura, “esta é unha figura que aparece con máis e máis frecuencia e que coa

Mortos na rúa

(2008-2009)

Xavier Queipo

crise económica a escala mundial non fará senón aumentar”. Os poemas foron lidos na súa tradución ao francés nos funerais destas sete persoas. Neste caso, para a súa reprodución –“por razóns humanitarias ou humanistas (non sei moi ben cal é o termo máis axeitado)”– eliminou o apelido para que non fosen identificadas. O Concello de Bruxelas organiza cada ano un funeral común por todas as persoas que morreran na rúa. Algúns deles, con máis sorte, teñen amigos que lles lean un texto de despedida. Outros, normalmente pola súa condición de estranxeiros e marxinais, non teñen quen os identifique nin quen lles lea un texto de despedida. Esa foi a función dun grupo de escritores que viven en Bruxelas: escribir poemas epitafio para aqueles que non tiñan que llos escribise.



Preguntas sen resposta

para Francesco, morto de sobredose

Cantas alboradas sen saber onde ficabas?
Cantas, amigo, sen lembrar a última cea?
Cantas deitado baixo un manto de cartóns,
cando a cidade se erguía en fumes e ruídos?

Cantos días sen sol, sen ánimo, sen nada?
Cantos, di, grises como ceo lousado e triste?
Cantos días, Francesco, sen acougo posíbel,
na procura continua e angustiada?

Cantos solpores rotos polo medo?
Cantas viaxes a ningunha parte?
Cantos anos perdidos na deriva constante,
navegando nun mar de ondas sen espuma?

Cantas noites de soñar esperto?
Cantas, Francesco, de acordar durmido?
Cantas de sentir o alento frío, amigo,
do becho ruín que te pechou os ollos para sempre?

Lembranza

Para Michael T., queimado vivo

De rapaz soñaras con atravesar o mundo,
con conquistar ti só, de lanza e armadura,
mundos, distancias, reinos e doncelas.

Xa logo da realidade o tacto triste,
pasado o tempo, que todos os soños muda,
das beiras do Ponte Euxino, no mar escuro,
chégaste a esta chaira inzada de estranxeiros.

Abriches mil portas coa forza das túas mans,
dun biqueirazo certo ou dunha couce,
para atopar na fin un acubillo de prestado.

No centro da fogueira que se armou,
alí ficabas ti, de fronte erguida,
apagando a cabicha derradeira
nunha cunca de area dos teus mares,
ardendo de vagar, como as árbores máis nobres.

Flores de maio

Para Jacques, morto no mes de Maio

Nada tiñas, meu, e porén nada pedías,
que hai tempo que perderas a obsesión malsá,
que leva a acumular obxectos sen acougo,
nunha espiral de abasto sen medida.

Quen te vira ollando para o ceo,
nas noites en que maio perde as nubes,
pensaría con razón que coñeces os nomes,
unha a unha, de todas as estrelas.

Na sombra daquel parque onde durmías,
coñecedor de todas as herbas e os recendos,
ninguén foi quen de disputar xamais,
o teu posto gañado de astrólogo e druída.

No medio de todo o que pasou pola túa mente,
no fulgor inmenso do instante derradeiro,
no tránsito fugaz até o xa nunca,
quedou pendurado o recendo dunha rosa.

Requiem

Para Piotr, morto por agresión

Cando cruzaches o río dos adeuses,
chovía como disque foi nos tempos do dioivo,
como o día gris no que aquí chegastes,
cargado de esperanzas e soños de futuro.

Cando cruzaches o río dos adeuses,
levabas feridas en cada canto do teu corpo,
co sangue escorregando pola gorxa e o padal,
enchendo os liviáns e asfixiándote de vez,
todo foi vermello sobre vermello e logo nada.

Cando cruzaches o río dos adeuses,
na outra orela esperaba no abanqueiro,
unha ondina que por alí pasaba e quixo
ver aquel home baril, nadando espido.

Poema da lentitude

para Michel, morto na rúa

Do centro mesmo do labirinto dos desexos,
escóitase o urro ancestral de Minotauro.
Saes entón en coiros, vingador como Teseo,
a partirlle a alma ao becho sanguinario.

Mala sorte, era un soño, o último, se cadra
a non ser que no tránsito entrópico,
sentises tamén o engado da aventura tola,
nunha viaxe polo funil de luz acesa.

Ninguén mellor ca ti coñecía na cidade,
o labirinto onde soñan os touros ilustrados,
de Platón a cova fría, de Dióxenes o tonel sen viño,
os estanques onde afogou Ofelia, e os canais.

Na beirarrúa, agonizante, un día sen sabelo,
deitado como estabas todo foron sombras,
e pasaches ao outro mundo entre sons de batucada,
a chuvia en run-run a pingar sobre as lousas frías.

Ollos de pedra

Para Patrice, morto de cancro

De pedra son os ollos que te miran
De pedra a lousa lambida polo orballo,
pola chuvia, polo vento e a xeadada.
De pedra ese instante infindo,
cando o mal prendeu nas túas entrañas.
De pedra as olladas que pasan sen mirar.
De pedra as noites ao relente.
De pedra o nó na gorxa, no estómago e nas vísceras,
cando os ollos fríos anunciaron certos
a estrela de xiz que medraba no teu corpo.

De pedra son os ollos con que agora miras,
chegar a alborada en néboas grises,
abrindo luz entre as físgoas negras,
dun sol que te deu conforto e acubillo.

De pedra serás para sempre, Patrice,
da mesma pedra que foi leito inxusto e frío.

Frío

Para Ougfa, morto de frío

Frío o ceo que te ollaba dende o alto
Fría a choupana onde deixabas caer os ósos
logo de longas e demoradas travesías
por un mundo frío inzado de pantasma.
Frío o inverno que chegou sen avisar.
Frías as olladas que non responderon,
aos teus ollos de auga e de salitre,
cando nin forzas tiñas para pedir esmola.
Frío o instante ruín, cando o xeo da inxustiza
atravesou o teu cerebro frío,
para te dar o pulo derradeiro,
abríndote á luz que todo invade

Que Alá, Señor da Luz, teña piedade de ti,
dándote calor, e resguardo e manto,
para que non existan noites frías,
de olladas e corazóns pulidos polo xeo.



10 SETEMBRO DO 2009 - NÚMERO 786

r d l

REVISTA
**DAS
LETRAS**



Francisco Sampedro



Afinidades selectivas

Francisco Sampedro

Francisco Sampedro, un dos filósofos que con palabras máis certeiras se achega en Galicia ao feito de pensar, propón nestas páxinas un clarificador percorrido polo “que ler”, “que ver” e “que escoitar” nestes últimos días de verán. O autor non oculta, desde as primeiras liñas, as súas intencións ou os seus puntos de vista e por iso a lista de propostas –subliña– “é breve porque o que interesa é unha sorte de invitación a compartir a atracción cara a certos produtos culturais, e o que non interesa en absoluto é unha declaración de principios sobre o complexo de desexos dun individuo calquera”. O resultado é un texto que, de xeito áxil e ameno, envolverá os lectores pola análise enxeñosa dalgúns dos creadores máis interesantes do momento.

Moi afastada está da realidade

a célebre expresión popular “Sobre gustos non hai nada escrito”. Tense escrito dabondo sobre iso. Outro asunto é que unha persoa non perciba ben a causa dos seus gustos. Nin, en moitos casos, ten por que os percibir. Porén non hai gustos inocentes, abofé. Quérese dicir que cada un está tecido por unha rede allea a un –con independencia neste concreto punto da cultura (*Bildung*), da súa persoal formación, a cal, tamén é, en boa parte, allea a si mesmo.

Quixera propor aquí algunhas das miñas afinidades selectivas nesa cuestión dos gustos. A lista é breve porque o que interesa é unha sorte de invitación a compartir a atracción cara certos produtos culturais, e o que non interesa en absoluto é unha declaración de principios sobre o complexo de desexos dun individuo calquera.

Que ler.-

Ante todo unha prevención, de ser necesaria para algúns. Existe o tópico das “lecturas de verán” como se fosen lecturas para parvos, sumamente lixeiras e a poder ser curtas, como se nesta época a xente estivese obrigada á trivialidade. A miña experiencia é a contraria: moita xente destina xustamente para as vacacións textos que por diversas razóns non dixiren no resto do ano. Pero vaiamos ao caso.

Un editor amigo, alguén cunha sensibilidade cultural que sobarda a súa profesionalidade (coñecemos editores que, no mellor dos casos, non desenvolven máis que un papel divulgador, non por forza a profesión determina a sabedoría), comentábame que na prosa galega se estaba a percibir unha caste de inflación “simbolista”, por así dicilo, ou mellor, unha saturación da ficcionalización da realidade. Por iso, e de acordo con ese diagnóstico, recoñezo o meu deleite ante lecturas que nos sitúan a realidade diante dos ollos. É o caso, por exemplo, d’ *A praia dos afogados* de Domingo Villar. Si, é certo que se trata a priori dun xénero acaído para unha lectura “sinxela”, por así o dicir. Pero resulta molesto que aparezan algúns pedantes negándolle calquera valor literario. Cincocentas páxinas, das que consta esa súa novela, non se aturan se tampouco hai cualidade literaria nela. Villar non recorre, nin tan sequera, a un texto no que, por mor da súa extensión, faría da coralidade unha boa estratexia para escapar desa realidade que el pretende describir. Non. Non lle falta razón, cedendo á hipérbole, a aquel que identificaba a D. Villar como ao noso H. Mankell. Villar non fala de Estocolmo –loxicamente-, nin de Madrid, como os que se reclaman do cosmopolitismo. Fala de Vigo e de Panxón, da realidade ante os ollos, por moito que se trate dun relato de ficción. Doutro xeito, diferente, abofé, Manuel Rivas fala da Coruña, cun compromiso de esquerda fóra de toda dúbida, e suscitando non poucas envexas. Ao mellor as vendas teñen que ver con isto, non? A novela de Domingo Villar, que supera á conseguida *Ollos de auga*, está feita con oficio, traballo (só fodería!!), talento, estilo, fondura e... obtén éxito. E como non vai ser toda literatura de vangarda, ese tipo de narrativa é esencial para unha nación normalizada ou que pretende a súa normalización. Falo de orgullo nacional, nun país que precisa con urxencia dese sentimento. Por tanto, benvinda sexa esta entrega de D. Villar, e os ciúmes e a envexa –dos que se ten escrito menos que sobre os gustos– deixémolos para os resentidos, e que lles vaia ben co seu narcisismo.

Para “vangarda” xa temos a clásicos como Méndez Ferrín –o noso escritor nacional, como Hugo na aquela Francia inesquecibel pola súa capacidade de revolta en todos os campos: literario, político...–, ou a autoras que van camiño de ser, “clásicas”, desde o momento en que inauguran un certo “canon”. É o caso de Chus Pato. Lean *Secesión*, o seu último libro recentemente publicado por Galaxia. Sen aventuras de combinación, ou mesturación de xéneros, aquí aparecen case todos: narrativa, poema, ensaio, autobiografía... É reconfortante que nunha nación como a galega onde abonda con dar unha patada no chan para que agromen poetas coma se fosen champiñóns, de súpeto apareza algo que limite a serie, quero dicir que a sitúe na súa xusta cualificación. E no caso de Chus Pato, os lindes fican alto. Procedamos por partes. Obviamente sempre elixidas polas nosas afinidades selectivas. Somentemente algunhas consideracións sobre este magnífico libro. Non lembro ningún texto tan lúcido sobre Auschwitz como o intitulado *Cárpatos ao lonxe*, e cómpre agora citar: “Tropezas (...) con todos os nomes de Europa, tamén o teu, o meu (...) Con todo a prescrición non é outra que o seu contrario (non se pode escribir após Auschwitz), é preciso vivir; é preciso ter esperanza, é preciso escribir despois de Auschwitz”. Tal proposición non só fai recordarnos que xenericamente a célebre directiva de Wittgenstein (“do que non se pode falar, débese gardar silencio”) convértese abofé nun branco necesario, senón tamén de que sendo, no seu momento, contexto e sentido precisos e concisos, xustificada a frase de Adorno (a poesía após Auschwitz comporta a barbarie), esta vese superada, ou anulada, a partir da experiencia literaria dalgúns poetas. Pero aínda máis. Chus Pato supera tamén, con *Cárpatos ao lonxe*, o argumento usado por Slavoj Žižek na *Introducción a Violence* (Profile Books LTD, London, 2008), segundo o cal –e fronte a Adorno– o filósofo esloveno afirma que precisamente o que non se debería é escribir precisamente “prosa” arredor da Shoa, senón poesía, xa que esta achega, alude a algo que non pode ser nomeado, indica algo que non pode ser descrito.

Continuemos. Sempre sabendo que se trata de comentarios illados (a elección forzosamente iso-la). O sexo –dinos a autora– “é un amor de carne e unha amizade da intelixencia, un xemido diante do logos” (páx. 23). Ben, se concibimos deste xeito o sexo, hai que concluír que o sexo é o logos mesmo, nin xemido, nin amizade, nin intelixencia. É a totalidade, como Hegel ben apuntou, e após Freud: o logos viría consistindo xa non no simple instinto de reprodución, senón na mesma estrutura psíquica do ser falante, é dicir, daquel para o cal o seu ser é xustamente a cuestión do seu ser. Hegel novamente, esta vez implícito no poema que pon fin a *Aquiles*:

“e ademais Aquiles era a guerra
era a amizade porque sabía da morte
era a xustiza porque sabía da morte
era o amor porque sabía da morte

(...) e todo é pola comprensión do seu ser de morte, polo seu corpo apto, felizmente deseñado para a guerra e a vida tan breve”.

Desde logo, Hegel: xa non tanto a felicidade como a “compostura”, a disposición do ser que se sabe finito (e tan breve), e loita deseñado a prol da súa dignidade. E tamén Spinoza (“o seu corpo apto”), describindo coa mestría dos xudeus ateos a materialidade do real, a potencialidade do corpo fronte á ficción da alma.

Agora ben, o que ao meu parecer –e non só polo libro que comentamos, senón pola súa obra enteira– cómpre estudar é a relación paradoxal de Chus Pato co poema. Diría que, dalgún xeito, ela excede o poema –ou o precede, neste sentido tanto ten– xa que o status da poesía nela é conflictivo cando menos. Vexamos:

(Páx. 111): “o poema é unha posibilidade (...) que sen cesar excede as súas formas e as súas realizacións”. E na páx. 62, lemos: “sabemos que a cólera, o abatemento e a secesión fundan unha política na que a xestión e policía quedan supeditadas á arte poética, á paixón amorosa e ao espírito das leis”. Obviamente os ecos son de Badiou e de Jacques Rancière, pero eu son moito menos platónico que estes. Secesión, cólera e abatemento, si. Vocación inescusábel e necesaria da aniquilación da política univocamente xestionaria para fundar a República dos libres e iguais, si. Porén eu creo máis na liberdade creadora do poema, no inesquecível encontro amoroso, e non tanto no espírito das leis, e menos nunha “supeditación” –Rancière, esta vez, e non Badiou, é o que nos di que para que a política comece, faise necesario rematar coa idade dos poetas–. Pero Chus Pato é tamén coherente en algo fundamental. Para ela o poema é a política futura, e esta consiste no “real” (páx. 89). Tal coherencia amósase activa relacionándoa coa antedita “supeditación”. Que acontece verbo disto? Que de seguirmos –neste caso– á psicanálise “social” (se é que existe algunha que non sexa social), resulta que a política deriva non-simbolizábel, é isto si que crea problemas efectivos; que o poema o sexa ou non, sería cuestión de expertos, pero non afectaría á comunidade.

Por último –e non por isto o menos definitorio desa relación conflictiva desta grande autora co poema–, dun lado non existen obxectos, nin emocións, nin sentimentos no poema, por outro, este vén cumprindo a función de “emocionar” de “alterar os corpos”. Seguramente non hai contradición ningunha entre estas dúas proposicións. Ou estaremos de acordo con Freud no que atinxe á ausencia do principio de contradición no inconsciente. Ou de habela, Chus Pato vai ser quen de explicala. É o labor xa non das grandes sensibilidades, senón das mentes lúcidas, como a dela. Ou quizais non haxa contradición no poema; nin tampouco sequera *dystiké*, un mal-encontro azaroso. O poema pode abranguer os dous termos da contradición. Ou o que sucede é que Chus Pato nos indique esa *dystiké* na problemática relación do poema coa filosofía. Ou que, nun xesto deleuziano, nada superficial, os conceptos sexan inafastábeis dos afectos, é dicir, dos poderosos afectos que imperan sobre a nosa vida. Mais o primeiro carácter do concepto é o que opera unha captación inédita das cousas. Iso que o fai o poema ou a filosofía? Eu opto pola segunda.

No terreo do ensaio, sen dúbida unha das saídas editoriais máis recomendábel é a do último libro do filósofo vivo máis relevante. Trátase do *Second manifeste pour la philosophie* de Alain Badiou (Fayard, Paris, 2009), que garda unha simetría co primeiro Manifesto (Seuil, 1989) no que atinxe á súa vontade de esclarecer en parte, ou mellor dito, de complementar con brevidade *Logiques des mondes*, (Seuil, 2006), parellamente ao que pretendía co anterior a respecto d’*O ser e o acontecemento* (Seuil, 1988).

Se no primeiro Manifesto, Badiou combatía, entre outros asuntos, a posición heideggeriana e o anuncio da fin da filosofía, reivindicando un “xesto platónico” para a recuperación da mesma contra “a idade dos poetas”, neste segundo incide en dous supostos fundamentais. Un, a recuperación da filosofía, que xa non é “víctima” coma onte (sen dúbida unha fermosa proposición para ratificalo, aínda que demasiado optimista para ser universalizábel: “...toute nuit finit par détenir la promesse de l’aube”), senón que se presenta cunha saúde que só agarda por ser confirmada polas novas xeracións, tendo conta de que o principal inimigo é a confusión interesada entre moral e filosofía, isto é: a ideoloxía (en tanto disfrace interesado) dos dereitos humanos, que arroupa o capitalo-parlamentarismo. Dous, a cualificación máis detallada do seu “materialismo platónico”. Deste xeito,

a mais dunha análise fenomenolóxica pura onde aclara definitivamente a súa crítica da opinión (da *doxa* na súa representación actual), e as categorías propias que constitúen o alicerce da súa posición materialista (aparición, diferenciación, existencia, mutación, incorporación, subxectivación e ideación), o filósofo francés ofrécenos un exemplo-modelo da devandita posición, presentando tres posíbeis actitudes fronte ao “acontecemento”. E faino elixindo dous de entre os catro procedementos de verdade por el proxectados: a política e o amor (os outros, como se sabe, son a arte e a ciencia). Ante todo, e xenericamente, as actitudes son: de entusiasmo ante a novidade evenemenial coa conseguinte fidelidade activa ante esta, que vén sacudir o discorrer do mundo tal e como é; unha segunda de indiferenza, a denominada por el posición reactiva que procura o conservadurismo; e, finalmente, a hostilidade plena fronte ao novo corpo de verdade inaugurado polo acontecemento, o odio ante esa novidade radical e a recaída no escurantismo. Pois ben, no que respecta á política Badiou pon como exemplo a revolución de 1917 en Rusia que tamén comporta a creación a nivel mundial da III Internacional.

A primeira actitude, a do entusiasmo e a fidelidade, viría constituída pola incorporación dos individuos a ese devir comunista inaugurado por Lenin –por citar un nome propio– xa sexa á maneira da integración nos partidos marxistas, ou doutras; a subxectividade reactiva é a orientada cara a conservación do complexo político-económico anterior: o capitalismo e a democracia parlamentaria visando a permanencia do Estado burgués, mais no xeito do reformismo, xustamente para “competir” coa aparición do acontecemento soviético, así o laborismo en Inglaterra, o *New Deal* nos USA, e todas aquelas políticas no ámbito mundial que multiplican as concesións ás demandas obreiras, para blindar o estado de cousas existentes, non outro que o modo de produción ameazado polo acontecemento de Outubro. E a posición escura, a radicalmente hostil é a definida polo fascismo, que fronte ao acontecemento ofrece a “substancia”: Raza, Nación ou Deus (coas súas variantes combinatorias incluídas). No que atinxe ao amor, as posicións revelaríanse como segue: a da fidelidade entusiasta experimentando o Dous como nó do descubrimento do mundo, constituíndo xa que logo o amor no primeiro grao do paso do individuo a algo para alén de si mesmo, identificando a vida como exposición do mundo ao “nós”, facéndoa irredutíbel aos intereses individuais; a reacción, no amor, consiste en non asumir o risco do acontecemento, en procurar sólidas garantías para esa relación, en subordinala ao cálculo: debo estar certo de que as vantaxes da vida “a dous” superan os inconvenientes. Así, a forma prototípica da subxectividade reactiva no amor vén constituída pola familia. E, por último, a escuridade, facilmente observábel no desexo de posesión do outro, coa esencia dos ciúmes como pano de fondo e ás veces desgraciadamente visíbel no odio que desemboca no crime.

Ben. Por suposto poderíamos continuar sinalando este *Second manifeste pour la philosophie*, non obstante e precisamente debido á súa riqueza conceptual e discursiva, e amais pola súa validez non só para coñecer o pensamento do autor, senón tamén para percibir os vieiros da filosofía actual, preferimos simplemente a recomendación da súa lectura directa.

E como contrapunto –cativo contrapunto, pero contrapunto á fin– cómpre ler o artigo que Fernando Savater escribiu o pasado día 7 de xullo. Baixo o significativo título de *El sepulcro vacío*, o excelente e incisivo, mesmo gracioso, articulista –que non pensador de altura– amosa toda a súa aversión, non xa ao marxismo, senón, no fondo, á filosofía digna de tal nome. Porque so escusa de enterrar e desintegrar (de aí o título) unha serie –non están todos os que son– de autores daquela adscrición (de Marx a Lukács, pasando pola aberración de nomear xuntos a Garaudy e a Althusser), botamos en falta que non se atreva xa co mesmo Hegel ou Husserl. El prefere a Antonio Escohotado. A droga tamén produce afinidades selectivas, e nalgún dos casos intelctualmente misérrimas. Cadaquén ten dereito a seguir unha procedencia, e a de Savater é clara: os moralistas franceses, algo de Nietzsche, Schopenhauer e Cioran, esa pésima caricatura do anterior. Pero de aí ao insulto de obras cuxo rigor é recoñecido universalmente –aínda que se estea en contra dos seus postulados– a distancia é infinita.

Así, Savater lánzase ao abismo cunha alegría sempre redundante nel. Obviamente non falta Alain Badiou na nómina de apestados ou de “arcaicos”. Se a memoria non me falta, xa é a terceira vez que o entusiasta amigo da *filosofía minor* ataca a Badiou, chegándoo a cualificar de *Mad Professor* (si, as lecturas de cómics tamén son proveitosas para insultar). En verdade, eu teño detectado algo que me atrevo a chamar o “mal de Badiou”, como se se tratase de algo así como do “mal de Ménière”. Soamente dous exemplos: un articulista do xornal británico *The Observer*, a quen lle producen vertixes as alusións de Badiou á revolución cultural proletaria, e outro neiorquino que acusaba este de reckless, de imprudencia temeraria, ou como o propio pensador francés ironizaba (ou non), de corruptor da xuventude en definitiva. Pero polo menos, eses saxóns leron o fundamental da súa obra. Savater está demasiado apegado ao gay saber (no sentido nietzscheano do termo, coidado co termo “gay”) como para ler o minimamente esencial da filosofía badiouísta, xustamente pola súa coherencia e compromiso coa anti-filosofía. Outra cousa son as críticas puntuais, intelixentes e reflexivas que Badiou recibiu de pensadores como o antedito Rancière ou mesmo Jean-François Lyotard, mais estes últimos tamén deben de ser demasiado adictos ao pensamento forte, para que Savater se apoiase neles.

Que ver.-

O recentemente inaugurado **Museo Magritte en Bruxelas**. Ben sei que se trata dun pintor malentendido, e incluso utilizado publicitariamente. Pero esas mazás verdes tan “perfectas”, eses paraugas, os bombíns... estannos amosando o silencio do mundo. Non son obxectos, son cousas. Precisamente no libro de Badiou antes mencionado achamos unha resposta a esa diferenza. Jean Hyppolite preguntoulle a aquel, en ocasión do concurso de acceso á Escola Normal Superior, en que consistía a distinción entre cousa e obxecto. Badiou dicía hai un ano (no *Pequeno Panteón portátil*) que aínda lle estaba a dar voltas á cuestión. E, con efecto, neste segundo manifesto atopamos a resposta. Brevemente: un obxecto pertence ao mundo, posúe unhas cualidades. A cousa, en cambio, é a base pre-obxectiva da obxectividade, o baleiro onde se tece a multiplicidade. E iso fai que sexa, en certo sentido, un “misterio”, ese misterio que Magritte pretende amosar, o misterio sen o cal ningún mundo e ningún pensamento son posíbeis.

Poderíamos facer unha analoxía entre a pintura de Magritte e o cerne da obra kantiana. Abonda con contemplar a serie de *La condition humaine*, ou *Tous les jours*, para achegarnos a unha certa “visión” da adaptación transcendental no coñecemento; abonda con reparar en case toda a produción magritteana para decatármonos da súa conciencia do vello anxeio kantiano da procura do “incondicionado”, do que se resiste ao mundo empírico e ás súas leis; abonda, finalmente, con pensar que a nosa mirada quere ir sempre máis lonxe e ver por fin a cousa como concepto límite (*Grenzbegriff*), como obxecto dunha intuición imposíbel, mais desexada. Esa tensión suxeito-obxecto parece servirle ao pintor como punto de partida para o establecemento dunha sorte de redución fenomenolóxica cara á consecución do límite para alén do que estaría garantido o gozo implícito en toda apropiación do mundo. A arte de Magritte semella obedecer a un imperativo da vontade. Parafraseando a Breton, pódese dicir que nos presenta a fuxida desde a realidade relativa percibida polos sentidos cara á realidade absoluta desexada polo espírito. Partindo da relación entre cousa, obxecto, imaxe e nome, Magritte inicia unha auténtica redución, pretendendo atopar a posición que nos permitise ver o mundo doutro xeito ao que se nos impón. Deste modo, o mundo convértese nun misterio, as cousas amósanse posuíndo unha existencia enigmática, efectivamente pre-ontolóxica, xa que logo ese enigma ten como horizonte o gozo, un xúbilo semellante ao que produciría ver o mundo coa inocencia do neno e a sensibilidade dunha percepción orixinaria, que non fundadora.

Así pois, o sentimento supremo do misterio provén das cousas que se teñen convido en topar “naturais”. Xa non se trata de pintura, senón de pensamento. Magritte pensa mediante a pintura; non pinta, utiliza cousas que teñen aparencia de cadros. A función da arte, da formulación do “misterio”, acada así a súa consistencia na transformación da realidade cara ó pracer. A razón de ser dun cadro é desencadear a sensibilidade estética, que non se dirixe ao coñecido, senón ao aínda-non-visto. Non existe a utilidade, a autonomía da pintura pretende unha finalidade puramente hedonista. A idea da arte como fin en si mesma conduce a Magritte a negarlles incluso ás catedrais calquera esencia artística, sinxelamente son construcións para lugares de reunión, pura especulación relixiosa. A reivindicación do pracer aparece como unha inmensa tarefa a causa dos máis de dous mil anos de vida dirixida ao sufrimento e á resignación. Cómpre exaltar o pracer fronte á concepción dolorosa da vida. É como se estivese prohibido expresar o pracer, como consecuencia da subordinación ao Alén e da constrición do mundo ao “val de bágoas”. “A terra prometida non existe máis que no presente”, comenta Magritte ao referirse ao seu cadro *La terre promise*. O pracer como fin supremo da vida contra anos de aburridos terrores. Un pracer que subsiste como instinto e que Magritte se propón espertar e cultivar.

Unha segunda ancoraxe kantiana. Magritte entra de cheo na categorización do “sublime” feita polo filósofo alemán. Trátase, esta vez, de transformar o in-sensíbel en materia, en imaxe. Mesmo podemos considerar se a súa obra non está dirixida a amosar ese punto para alén do sensíbel que supón a detención do pensamento, o punto no que a conciencia fose idéntica a si mesma, semellante á paixón coa que Sartre definía o proxecto “inútil” do home, o proxecto de fundir a conciencia co mundo. Sublime, asemade, en canto ao seu elemento de orixe no horror, na des-realización⁽¹⁾. A estratexia con vistas a acadar esa sublimidade comeza por practicar un tipo concreto de redución. A tal redución consiste en afastar, en desconectar, os obxectos da súa vertente de uso, da súa cualidade utilitaria. E outra versión da redución apunta á abolición da temporalidade, de modo que emerxa á conciencia unha certa inmovilidade, un resto estático dirixido a provocar un punto de detención do pensamento. Procúrase a visión tomada como tal, búscase un xeito máis “atento” de ver, para, consecuentemente, acadar un sentimento preciso de abolición do saber, unha “lucidez” derivada da ruptura coa familiaridade dos obxectos. Ver o mundo como un “turista”, así describe Magritte o resultado do esclarecemento unha vez practicada esa redución que forza a considerar os obxectos como aquilo do que nada se sabe. Xustamente: como cousas. Hai nisto algo de semellanza co que Heidegger analizaba como “ser-ante-os-ollos”, tendo en conta que se prescinde do modo de ser da cousa como “ser-á-man”. A diferenza é que para Heidegger neste descubrir a natureza, permanece oculta a natureza mesma, mentres que para Magritte non hai *oculto*; o misterio non consiste nun oculto que precise ser descuberto. O misterio, antes ben, devén desa presenza plena,

sen fisuras, propia do carácter en-si da cousa, de algo cuxa estrañeza foi perfectamente descrita por Maurice Merleau-Ponty no capítulo sobre *A cousa e o real* na *Fenomenoloxía da percepción*. Segundo o grande fenomenólogo, a percepción, considerando o medio das nosas ocupacións, no contexto destas, só pode “pousarse” nas cousas o suficiente como para descubrir a súa inhumanidade, agachada nelas. A cousa ignora o home, é “hostil e estraña”, é un Outro decididamente silencioso, un si mesmo que foxe do noso mundo.

René Magritte, pintor do hedonismo, do misterio, do pensamento. A pregunta que aínda hoxe se adoita facer é: por que esas imaxes producen inquedaanza?, que hai nesa pintura que nos fascina? As respostas poden ser múltiples. Talvez ese baleiro se insinúa na vontade de quietude total. Ou nunha chamada de desafío ao pensamento, enfrontado a un “continuum” de semellanzas que se remiten entre si, sen soporte orixinario. O que é claro é que Magritte revela un paradoxo, en principio: fronte á súa teima de non-significar, está o feito da súa recepción pluri-referencial. Pode ser que, precisamente, a iso se deba o poder de fascinación deses cadros, porque, en definitiva, provoquen unha mirada sobre o mundo onde se implique a propia doazón de valor que cadaquén institúe. Sendo así, o paradoxo esvaécese. A mellor maneira de así o constataremos, é parafraseando o propio autor, cando falou respecto dos poemas de Mallarmé. Eses cadros non teñen sentido, eles mesmos son o sentido.

Que escoitar.-

Estaremos de acordo en que da música –dentro da arte– é do que máis complexo resulta falar. Baixo esta fácil escusa serei breve. Só citar o álbum recompilatorio (6 CD's), do enorme baixista, magnífico pianista (algo no que non se reparou, cando é notorio) e ilustre compositor Jack Bruce, que baixo o título *Can you follow?*, se editou o pasado ano. Trátase dun repaso rigoroso –aínda que se boten de menos algunhas “rarezas” como a súa colaboración con Michael Mantler (o recitado do fragmento de Samuel Beckett *No answer* é supremo) ou Carla Bley– á totalidade da súa obra, incluídos, non faltaría máis, temas de Cream, o grande supergrupo, do que Bruce era o cerebro (aínda que a fama a levase Clapton).

E hai de todo. Jack Bruce, formado no jazz e no Conservatorio de Edimburgo (as pegadas de Bach, entre outros autores, son recorrentes nel), posúe dous aspectos na súa produción. Un exotérico (non me atrevo a chamarlle “alimenticio” ao xeito de Diego A. Manrique, ese soberbio crítico musical), e outro esotérico. Deste xeito atopamos –dentro dunha rigorosa orde cronolóxica– desde os seus inicios xunto a Alexis Korner ou Graham Bond, onde amosa unha mestría para o blues que xa nunca abandonaría, até os seus coqueteos coa música caribeña, pasando polas súas colaboracións con Bernie Worrell, Tony Williams ou Frank Zappa, así como mostras prototípicas da súa carreira en solitario (inesquecíveis os seus dous primeiros discos após Cream). Jack Bruce, en efecto emociona, “altera o corpo” como diría Chus Pato, e abre a mente, e non no sentido hippy, como este termo invitaría a pensar, senón na estrita convocatoria ao gozo.

En fin. A desfrutar...

⁽¹⁾ Magritte relatou en varias ocasións a “revelación” que do misterio tivo nunha cervexería de Bruxelas: “(...) tomei a decisión de rachar con esa actitude pasiva como consecuencia precisamente dunha contemplación intolerábel que tiven nunha cervexería popular de Bruxelas: as molduras dunha porta parecéronme dotadas dunha misteriosa existencia e estiven moito tempo en contacto coa súa realidade. Un sentimento veciño do terror foi o punto de partida dunha vontade de acción sobre o real” (*Écrits complets*, páx. 142, 143)





Constantino Bértolo

Constantino Bértolo (Lugo, 1946) dirixe unha das editoriais españolas de catálogo máis insólito, Caballo de Troya, onde se deron a coñecer autores galegos de arriscadas propostas como Alberto Lema. Desde os anos noventa traballa no mundo editorial –até o 2003 dirixiu Debate– e a el débense outras lembradas descubertas como Ray Loriga ou Germán Sierra. Editor en castelán de Ferrín, Bértolo non publicara até agora ningún traballo en galego e faino nos monográficos de verán de Revista das Letras con *O fume de Satanás* un relato de forma epistolar que lle dá unha nova volta de rosca ao tema da guerra civil española, desta vez xunguindo na crónica histórica o elemento fantástico característico da vea cunqueiriana e foliana da Literatura galega. A

O fume de Satanás

Constantino Bértolo

publicación deste relato ten lugar pouco despois de publicar *Libro de huelgas, Revueltas u Revoluciones*, onde percorre os grandes fitos da historia das rebeldías a través de textos de distinta orixe e estilo, desde fragmentos de grandes novelas, ata outros elaborados a partir de diversos materiais literarios. O relato que hoxe publicamos descóbrenos que máis alá da súa esculca ensaística –onde xa se albiscaban as pegadas do escritor que leva dentro–, Bértolo atopa na literatura un vehículo idóneo para ensaiar vías que fuxan do discurso dominante, ese que –asegura el– homexeiniza e neutraliza o disenso, ese “que domina a nosa imaxinación, que a limita e nos orienta cara a modelos onde fixar a mirada”.



Documento nº un: Carta do bispo de Lugo ao diácono José Guerra

As miñas bendicións. Lembro ben que con motivo do noso último encontro nesta Sede nos facía ver a súa serena disposición para, sen abandonar o nobre e ben merecido desexo de terminar en tempo os seus interrompidos estudos, conceder á súa saúde o repouso e folgura máis convenientes para mitigar os quebrantos que lle carrexaron os seus tres longos anos na fronte como heroico soldado na nosa Gloriosa e Triunfal Cruzada. E con todo reclámoo de novo para urxentes tarefas. Logo de moita meditación, consellos e conversacións chegamos ao convencemento de que ningún mellor que a súa persoa para liquidar unha ingrata e delicada situación xurdida na parroquia de Villarantín, unha de entre as máis pequenas e illadas desta a nosa diocese. Adxunto copia mecanografada da carta que hai unha ducia de días me remitiu o párroco, Manuel Paradela, beneficiario dela desde apenas seis meses ata a data e ordenado en febreiro deste mesmo Ano da Vitoria. Poderá concluír da súa lectura que o noso novo párroco, raptado polo relouco e atafegado polo balbordo, é incapaz de apreciar a pedra de escándalo que nos feitos se esconde ao falar do tráxico e heroico afundimento do barco de transporte Castillo de Olite en augas de Cartaxena. Como diría o noso ilustre Balmes: o lume santo non lle deixa ver o fume de Satanás. Seralle fácil albiscar a inqueda que os sucesos espertaron na Vigairía Xeral Castrense e o afán e encono con que piden intervir os mandos da nosa gloriosa Armada a quen tivemos que pasarlles a consulta o informe correspondente. Sirva de antecedente o saber que a traxedia do Castillo de Olite, con máis de mil cincocentos falecidos, a maioría deles galegos, é asunto que en Burgos crea mareas que baten contra altas rochas e que todo o que atinxe ao desgraciado suceso require máis do silencio que da trompeta.

É o caso que, pola imprudencia do noso párroco, reza o desconcerto e o desgobierno xa non só entre a freguesía afectada senón entre as xentes todas das parroquias próximas con sospeita de estenderse o rebulicio a pesar das medidas de prudencia que con extrema urxencia lles fixemos chegar aos párrocos de Municipio onde se sitúa a parroquia (Navia de Suarna). De acordo co Eminentísimo Cardeal Primado e tras esgueiradas consultas coas autoridades militares, tomouse a decisión colexiada de que sexa esta sede bispal a que propicie as medidas de mellor oportunidade para o acougo de almas e corpos e para sabio acomodamento dos feitos que extirpe, sen redobre nin eco ningún, as inxurias contra A nosa Gloriosa Armada que a man do maligno introduciu en ocasión que ha servir, se as augas se canalizan con virtude e fortaleza, para un mellor

encomio e loa da nosa Santa Fe Católica.

Lembrará ben que o protomártir Primo José Antonio Primo de Rivera (participolle que a Conferencia Episcopal nacional xa solicitou a súa beatificación) pedía homes coa investidura de metade monxe, metade soldado e seica polo designio do noso Señor ningún mellor que a súa persoa reúne tan meritoria condición.

Espero a súa pronta conformidade para que baixo o nomeamento de Consiliario Diocesano poida facerse cargo como coadxutor da parroquia en cuestión. Tanto nós coma o Director do Seminario estamos conformes en que esta tarefa para a que agora reclamamos o seu carácter e o seu bo facer, non impedirá que en tempo breve poida retomar un camiño eclesiástico que presumimos pleno de honras e recompensas.

*Monseñor Rafael Balanzá e Navarro.
Bispo de Lugo
25 de Xuño. Ano da Vitoria.*

Documento nº dous: Carta de Manuel Paradela, cura párroco de Villarantín, ó Bispo de Lugo.

A súa Eminencia:

Veño instruírme e examinarme ao voso consello. A miña alma está en confusión e temo desorientarme ante sucesos que parecen escapar ao meu dominio e entendemento. Á vosa prudencia e saber acóllome e fago así relación fidedigna dos feitos acaecidos recentemente nesta parroquia que, a xeito de pingas de choiva que no seu inicial desprendemento parecen traer só esperanzas de colleita e froito, acaban por desatar receos e cautelas cando pola súa grande, atoutelada e inesperada suma e persistencia ameazan co rompemento de canles, o turbión de fontes e o quebrantamento de rectitudes. Desde a angustia dun gozo, que apenas me atrevo a nomearvos, e con temor por imprudencias irreparables pido o voso consello, guía e camiño ao modo que o bo fillo reclama con humildade as artes sabias do pai que con fortaleza o criou se no horizonte se lle fan presentes nubes e luces nunca antes contempladas. E nesa confianza e rogo, sométovos as miñas palabras:

Digo que na tarde do pasado sete de marzo, martes, fun informado polo sancristán e garda desta parroquia de que as roupaxes da Santísima imaxe da nosa Señora dos Remedios apareceran molladas e enchoupadas e cuxa razón non lograba conxectar. No momento trasladeime ao sacro recinto e puiden comprobar en por min que, en efecto, os baixos do vestido e manto da imaxe se amosaban húmidos así como o mesmo pano do altar, sen que puidese sinalar estropicio, humidades nin greta ningunha nas teitumes. Sinalar

teño tamén que polos cheiros parecían aquelas molladuras de condición salina, que a evocación de mares me retraeu. Revisado o recinto, limpadas as augas e sen explicación dos feitos aínda que sen especial reserva dei por pechado o incidente atribuíndo causas a choivas e ventos sen que en días sucesivos se volvesen repetir os achados. En ningún caso entendín que houbera motivo ningún para darlle aviso ao pedáneo nin comunicación á súa Eminencia. E se niso faltei espero que no seu Saber perdoe a miña parvidade e inocencia.

É o caso que dúas semanas máis tarde me fan saber que Dorinda Ferreira da así chamada Casa do Grilo desta parroquia, recibiu un escrito da Comandancia Militar de Lugo no que lle dan noticia de que o seu esposo, Manuel Álvarez, combatente na Cruzada que tan gloriosamente estaban levando á súa venturosa fin os exércitos do noso glorioso Caudillo Francisco Franco, se deu por desaparecido nunha acción naval en augas da cidade de Cartaxena levada a cabo na mañá do sete de marzo sen que se poida dirimir se se atopa entre os falecidos ou entre os sobreviventes que caeron presos dos inimigos de España e da Fe na nosa Santa Igrexa católica. Para dar ánimos e paz e conformidade achegueime ata a casa de Dorinda Ferreira e á tarde o Santísimo Rosario, seguido con devoción pola maioría dos fregueses desta parroquia, foi encamiñado cara ao rogo de que o seu marido se atopaba a salvo, levándose a tal rogo as preces baixo a orde tanto dos misterios dolorosos como dos gloriosos, para o maior enalzamento da oración. En ningún caso imaxinei relación ningunha, aínda a pesar da coincidencia de datas, entre un e outro suceso. Hoxe con todo, e escoitado o testemuño do mesmo Manuel Álvarez, que a continuación expoño, creo advertir circunstancias suficientes para sopesar con alegría difícilmente refreada unha intervención milagrosa da nosa Santa Virxe dos Remedios nos sucesos dos que lle dou conta e prosigo.

O día dezaioito de abril, o sancristán faime ver que Dorinda Ferreira recibiu urxente noticia de que o seu esposo Manuel Álvarez, aínda que con feridas de mediana consideración se atopaba entre os escasos sobreviventes do luctuoso feito naval e que, rescatado polo remate vitorioso da contenda da cruel prisión onde estaba recluído, pronto tería lugar o seu regreso. E como pastor ao que satisfai ver como o rabaño campa en acougo sentínme entón, polo menos ata que os acontecementos últimos se precipitaron.

Que foi que o doce de Xuño do corrente tivo cumprimento o aneado regreso de Manuel Álvarez, coa correspondente alegría da súa esposa e veciñanza. E foi que ao pouco do seu arribo á casa familiar e do encontro con parentes, amigos e veciños, chamou a esta miña e con xúbilo abrinlle a porta, que alí se apiñaba gran número de veciños que o acompañaban. Aínda vestido co uniforme do soldado rompía a compostura do momento o singular feito de que portaba Manuel Álvarez sobre o seu ombreiro esquerdo un xeito de madeiro con claros visos de ser un remo de barca ou semellante. E que bicou con respecto a miña man e mostrou desexos, urxencias chama-ríaa, de entrar nos meus aposentos para dar-me razón daquel madeiro que, dixo, traía como ofren-

da e promesa. Un milagre señor cura! Un milagre! oín dicir entón, con voz tépeda, ao sancristán de quen xa tiven palabras. Máis por présas e embarazo que por prudencia, confeso, fíxeno entrar na miña vivenda, sentar nunha cadeira de recibimento e escoitei alí por vez primeira esta historia que me puxo neste tronso de tremor para o que busco saída na súa Sabedoría e Santidade. E que este é o relato coas súas palabras da súa historia:

“Desde primeiros de marzo atopabámonos gozando de descanso nas proximidades de Castelló. O Rexemento Zamora nº 29, ao que estaba destinado e que formaba parte do Corpo de Exército de Galicia, participara nas batallas do Ebro e en todos vivía a esperanza de que a guerra estaba chegando á súa fin. Entón chegou a orde de que debíamos concentrarnos con equipo e correaxe na chaira do Porto de Castelló. Esa mesma noite embarquei con todo o rexemento no ‘Castillo de Ollite’, un barco de transporte grande e algo oxidado e ocupamos as adegas e parte da cuberta. Xunto coa brigada Lozao e outros compañeiros viaxabamos na primeira adega, preto dunha das escadas de saída e dunha boca de carga por onde entrarían polo menos dúas ducias longas de pezas de artillería. Ao brigada veuno saudar un coñecido de Ourense que servía na mariñeiría do barco e díxolle que só se trataba dun desembarco de apoio porque Cartaxena estaba xa baixo o mando nacional. Cara ás dez da mañá polas mamparas vimos terra próxima e déusenos a orde de preparar o equipamento. De súpeto oímos o zumbir dalgúns canonazos e oíamos moitos ruídos na cuberta e ao pouco o barco pareceu virar bruscamente. Empezáronse a oír berros confusos na adega inferior e apareceu algún oficial gritando. O mariñeiro amigo da brigada achegóusenos correndo e gritounos que saísemos rápido, que os oficiais ían voar o barco. Escapamos espavoridos cara á escada de saída, todo eran berros e confusión. O último que lembro é estar xa case asomándome pola boca da escada. Despois nada. Cando volví en min estaba no medio do mar, sentía mareos, unha forte dor no ombreiro, e vin que estaba sangrando. Agarreime a un pau, un remo, este remo e pedínlle auxilio á nosa Señora dos Remedios. Logo nada outra vez, debín esmaiar. O seguinte que lembro é estar tombado nunha praia, xente que nos axudaba, xemidos, unha muller que me deu auga e me puxo un anaco de tea na ferida. Seguía agarrado ao remo, e na ribeira vin corpos, moitos, flotando. Leváronnos ata unha igrexa baleira, non había imaxes nin cruces, só camastros, logo souben que era a antiga igrexa de Fuente Álamo que servía de hospital. A xente da aldea traíanos auga e roupas. Seguíanse oíndo queixumes. Vin a brigada achegarse e démonos unha aperta. Díxome que non atopaba a Balseiro nin ós outros compañeiros. Entón entraron moitos soldados. Dando ordes. Aos que estaban salvos puxéronos en ringleira e íanlles tomando a filiación. Achegouse un oficial, parecía un médico e miroume a ferida. Os feridos, uns cen ou máis, quedámonos naquela igrexa, aos demais, outros cen ou así, sacáronos fóra, As xentes da aldea seguían traéndonos roupa e comida. Á noite botáronme algo na ferida e vendáronma. Alí estiven máis de tres días. Apenas falabamos, ninguén parecía querer saber nada, moitos seguían xemendo ou chamaban polas súas

nais. Logo leváronme andando ata un longo barracón onde estaban máis de sesenta soldados. Non nos deixaban saír e dábanos un rancho de arroz ao mediodía e un caldo pola noite. Correuse a voz de que pronto virían liberarnos. E ós dous días abriuse o barracón e entraron soldados nosos gritando Arriba España e todo foi apertas e chorar. Leváronnos a Cartaxena, e alí volvemente ver outro médico que me puxo pomada e me cambiou as vendas. Un coronel íanos chamando un por un e pedía que lle contásemos o que recordáramos do momento do afundimento. Non nos deixaban escribirlles aos familiares pero pedínlle a un soldado que lle escribise á miña muller. Unha tarde quixen achegarme ata a praia e alí atopei tirado o remo. Prometinme traerllo como ofrenda á nosa Señora e por iso está aquí comigo que non foi fácil traelo. Ela salvoume a vida, acordeime dela cando estaba alí no medio das augas do mar”

Así terminou a súa historia Manuel Álvarez e así llo conto á súa Reverendísima. Con emoción e embargo irrefreable escoitei a súa historia. Ao día seguinte, festividade de Santo Antonio de Padua, a capela estaba ateigada de fregueses chegados de parroquias próximas. Seica deixándome levar polo entusiasmo no sermón contei o estraño suceso das roupaxes da nosa Señora e o auxilio con que Manuel se encomendou á súa mediación e anunciei que a súa ofrenda, o remo, permanecería no seu altar como lembranza dos seus favores e misericordia. Ao finalizar o Santo Oficio e entre exclamacións de Milagre! Milagre! moitos fregueses e freguesas achegábanse coa intención de tocar o remo e as roupas da imaxe. Foi entón cando ante aquel turbión entrei nesta perplexidade que agora atafega o meu corazón por temor a dar lugar coa miña conduta seica pouco prudente a mudanzas insospeitadas pois se a intelixencia do corazón me di que estamos ante uns feitos realmente milagrosos, o contento se me murcha ao sopesar se con maior enerxía de carácter se debe refrear os ánimos do meu rabaño.

Teña a ben A Súa Eminencia acudir con presteza no meu consello.

*Marcelo Paradela.
Villarantín. 15 de Xuño do Ano da Vitoria*

Documento nº tres: Expediente da Comandancia Naval de El Ferrol del Caudillo sobre a causa contra o soldado de Infantería Manuel Álvarez Ferrín. Nota: no cartafol correspondente áchase tan só a seguinte anotación escrita a man: Documentación transferida á Vigairía Xeral Castrens.

Documento nºcatro. Carta do diácono José Guerra ó Bispo de Lugo.

Deus sexa coa súa alma. Medio ano pasou desde que a súa Bondade tivo a ben sacarme dos meus quefaceres para encomendarme a tarefa de poñer dique e orde aos tumultos que o meu predecesor cos seus trastornos e precipitacións, fillos da inexperiencia sen dúbida e seica da maligna soberbia que sempre anda en asexo, propiciara na grea que tivo a ben poñer nas miñas mans. Credo alcanzar a fin da tarefa: a recondución de entusiasmo e o endereitamento dos xuízos temerarios que sobre a rectitude da oficialidade do Castillo de Olite se verteran, solicito da súa Eminencia o meu regreso aos meus estudos e labores. Ben sabe a súa Eminencia a premura con que desexo chegue o día no que a miña ordenación ache lugar e tempo. Durante todos estes meses non fixen senón aterme aos saberes que no seminario me foron concedidos: atar a imaxinación e contra as tentacións do entusiasmo: oración e regulamento. Igrexa e milicia en suma. Delas son devoto e a elas entreguei o meu destino.

Fun moi consciente de que a tarefa de apazugar e exonerar esixía dúas andainas nun só camiño. Contra a devoción desbocada que entre a freguesía da comarca se espallaba sen cingulo nin reata, propuxen humildade, penitencia e doutrina. Naquelas almas atormentadas pola ilusión do extraordinario introducín os méritos dunha fe sen estrondos e o san temor ás soberbias pois non sempre o trono trae a choiva senón o raio. Aqueles arrebatos fogosos coidei de canalizalos cara a un fervor máis calado, medorento e forte e vive hoxe a parroquia con piedade amornada aqueles aconteceres que o meu inxenuo predecesor deixou en extrema soltura. Foi o amorne a miña aprendizaxe principal nas trincheiras e ben coñezo que aínda as devocións, como as batallas, requiren autoridade e mando. Será tarefa de quen me siga a procura e mantemento desa piedade obediente.

A segunda meta que a súa Eminencia me deixou encomendada ben sabemos que pola súa delicadeza necesitaba traballo de brida e espora pois se as cousas do espírito teñen o calendario do eterno, as urxencias de reconstruír unha Patria limpa e sen malas herbas non é exercicio que poida deixarse ao albur de mañá. Certo que apenas se outorgaba relevo no relato máis socorrido dos feitos á falaz información ofrecida polo veciño sobre a orixe do afundimento. Con todo conversei en privado con el sobre a necesidade de retirar as súas temerarias palabras e por se os propósitos de emenda non fosen suficientes, ás veces é bo engadirlle á dor de corazón outros quebrantos, requirín a intervención da Comandancia Militar para facer recapacitar o soldado sobre a súa versión dos feitos. Cabe supor que o mando soubo pechar linguas. Era sabedor desde a súa primeira encomenda de que o manexo dos sucesos tiña na malignidad do comentario vertido sobre o afundimento do Castillo de Olite, do que precisamente mañá se cumpre un ano, a súa pedra angular e pola miña condición de

excombatente tamén a miña persoa se sentía urxida para arrincar de raíz a súa propaga- ción e epidemia pois inimigos non faltan nin á Patria nin á Fe aínda nestas horas de cum- prida primavera. Ben sabe a súa Eminencia que na Armada eran partidarios do Consello de guerra e cortar polo san pero, onde o sacro se entrelaza co escándalo, para rabelar a mala herba é máis eficaz a man destra que o afiado ferro. Co xeito que o resplandor do lóstrego fai esquecer o infernal do trono a devoción fixo naufragar a inxuria. É agora momento de bar- beito, discreción e silencio. Que tal logro se alcanzase máis que a mérito do meu desem- peño debe asignarse ao valor daquela ensinanz- a de San Pablo que en toda a singradura foi o meu Norte: darlle a cada cousa o seu tamaño conveniente.

Deus nos sosteña no noso empeño e guíe o noso Caudillo. O seu devoto fillo en alma.

*José Guerra. Diácono.
Villarantín. 6 de marzo de 1940.*

PDT Urxente.

Nesta madrugada do día sete de marzo, o san- cristán espértame para dar-me conta de que de novo apareceron molladas as roupaxes mo- lladas da imaxe da nosa Señora. Temo que as augas se desborden de novo e saquen á boia o desditado tema do afundimento.

Nota do arquivista: Os documentos que con- forman o presente atopábanse trasapelados nun cartafol baixo o rótulo de *Navia-Eo*. Reserva Máxima. O.O.709-3, no Arquivo Diocesano/ Sección Consiliario Xudicial, do Bispado de Oviedo. Nos libros de Historia sobre a Gue- rra Civil Española, o afundimento do Castillo de Olite achácase aos disparos dunha batería “roxa” costeira. Na pedanía de Vilarantín, do municipio lucense de Navia de Suarna, consér- vase en bastante mal estado unha capela dun- ha soa nave cunha imaxe, no lateral esquerdo, que os propios do lugar chaman a Virxe do Remo e na que, aos seus pés, destaca o remo do que toma o seu nome. Segundo os veciños de máis idade, a capela permaneceu pechada e en situación de abandono ata o ano 1977. Ao parecer Manuel Álvarez estableceuse coa súa muller en terras catalás ao pouco de finalizada a guerra sen que ninguén volvese ter noticias súas. É crenza compartida que cada sete de marzo pode detectarse no interior da capela, un forte cheiro a mar, sen que este transcritor poida confirmalo.



24 SETEMBRO DO 2009 - NÚMERO 788

rdl

REVISTA
**DAS
LETRAS**



Olga Martínez Cancelas



Tiro no escuro

Olga Martínez Cancelas

Olga Martínez Cancelas (Moaña, 1976) é matemática de profesión, pero nos últimos meses descubriu, “dun xeito inesperado” –confesa ela– as perspectivas escondidas da fotografía. Como membro de Agapema (Asociación Galega de Profesores de Educación Matemática) realizou canda os seus compañeiros un pequeno roteiro matemático por Compostela que lle permitiu, por primeira vez, concibir a cidade desde un novo punto simbólico. Ese exercicio, talvez, foi o que este verán lle permitiu retratar Lisboa como unha “pequena investigación microscópica”. Porque despois de todo, recoñece, as matemáticas e a fotografía “son unha linguaxe común”: a fotografía “é composición e a composición está relacionada coas dimensións e as formas de concibir o espazo e como as cousas se ordenan nese espazo, algo moi semellante ao que pretenden as matemáticas e, máis concretamente, a fotografía”. O resultado dese traballo de confluencia é *Tiro no escuro*.











